

Rexeite de centro concertado e lista de espera non estrutural (recomendación)

Expediente: I.5.Q/4162/23

Santiago de Compostela, 6 de Novembro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dunha cidadá, referente á lista de espera non estrutural por ter rexeitado a opción dun centro concertado para realizar a intervención que precisa, intervención que ten asignada unha prioridade 3.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

“Lista de espera cirurxía con prioridade 3. Levo 266 días esperando por una intervención cirúrxica. Porque rexeitei operarme nun centro concertado, polo que o sistema sanitario alega que solo levo 121 días de espera atribuíbles ao sistema sanitario. Non recoñecéndome o resto de días. No momento da chamada para ofrecerme a operación no centro concertado non me informaron de que deixaría de estar na lista estrutural e de todo o que eso supoñía, non ter información aproximada da operación”.

Ante iso requirimos información a esa consellería, no informe trasladado sinálase que:

“En relación ó exposto, comunico que a paciente foi incluída en lista de agarda cirúrxica o 22/06/2022 para a realización dunha artroplastia de suspensión para tratamento da rizartrrosis esquerda que presenta, cunha prioridade asignada 3.

Co obxectivo de prestarlle a atención mais axeitada, a paciente foi contactada o 10/10/2022 para ofertarlle a posibilidade de intervención nun centro concertado, a cal rexeita. Nese momento a paciente pasa a lista de agarda non estrutural.

No momento actual encóntrase en situación de ser citada para intervir, atendendo a criterios de antigüidade e prioridade, respecto ós pacientes na súa mesma situación”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

A doente no seu escrito de queixa manifesta esencialmente non ser informada das repercusións que tivo o rexeite do centro alternativo proposto polo Servizo Galego de Saúde na lista de espera cirúrxica de xeito que, tras este rexeite carece de información sobre o período de tempo máximo que pode esperar antes de ser programada a súa intervención.

A información do doente constitúe o eixo fundamental no que se articula un verdadeiro consentimento para a aceptación ou o rexeite de calquera tipo de procedemento ou tratamento referente ao seu estado de saúde, como así se reflicte no preámbulo da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica en Galicia, sinalando a devandita norma que, “O consentimento informado sería o último elo dese dereito á información dos usuarios, prestar o consentimento despois de obter a información precisa e suficiente”, especificando no seu artigo 3 que, se entende por consentimento informado o consentimento prestado libre e voluntariamente polo afectado para toda actuación no ámbito da saúde unha vez que, recibida a información adecuada, valore as opcións propias do caso.

A doente non pode valorar as opcións propias do caso, intervirse no SERGAS ou nun centro concertado, se non se lle facilita información útil respecto das consecuencias que terá cada unha das opcións na lista de agarda cirúrxica, chegando a comprometer este defecto de información a constitución dun verdadeiro consentimento informado nos termos que acabamos de expor.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **recomendación:**

Naqueles casos nos que se lle ofrezca ao doente un centro alternativo para realizar a intervención cirúrxica pendente cómpre facilitar información útil ao respecto das consecuencias que ten o rexeite dese centro alternativo proposto polo SERGAS na lista de agarda cirúrxica no momento no que se lle propón dita opción.

Naquelas situacións nas que se constate, como parecer ser este o caso, que o doente non recibiu a suficiente información nos termos que acabamos de expor, o convinte sería, volver a ofertar a opción do centro concertado para que o paciente poida valorar a opción que mais se axuste á súa realidade.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo